



CONCELLO DE
OLEIROS

RESOLUCIÓN

Por resolución nº 2024001916, do 16 de abril de 2024, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no procedemento selectivo do persoal para o servizo de socorrismo e salvamento nas praias do concello de Oleiros na que, entre outras categorías, figuraba a de catro postos patrón/a de embarcación.

Despois de rematar o prazo conferido para os efectos de reclamacións e correccións de defectos nas solicitudes.

No exercicio das facultades que se confiren ao alcalde polo art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e que, por delegación, en virtude do DA nº 2023003281, do 21 de xuño, corresponden a esta tenencia de alcaldía;

RESOLVO:

1.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas para participar no procedemento selectivo de catro patróns/as de embarcación, que queda como segue:

APELIDOS E NOME	DNI
ALVAREZ FINEZ, CARLOS TEODORO	***0379**
ARES FILLOY, JAIME	***5023**
CANOSA ROJO, DAVID	***1063**
SOUZA VEIGA, JORGE	***4425**

2.- O tribunal cualificador do procedemento selectivo estará constituído polos seguintes membros:

PRESIDENCIA:

Titular: M^a Soledad de Arriba Docal

Suplente: Marcos Veiga Rodríguez

SECRETARÍA:

Titular: Ramón A. Mosqueira Rodríguez

Suplente: Ricardo Pueyo Santillana

VOGAIS:

Titular: Juan M. Suárez Vilas

Suplente: Miguel A. Viqueira Pérez

Titular: Alberto Armada Rodal

Suplente: M^a José Mesías Fernández

Titular: Ana I. Prieto Fontela

Suplente: María Sandra Rodríguez Amado.

3.- De acordo coas bases da convocatoria, establecer o seguinte calendario das probas:

Fase de concurso:





> PERSOAL E RRHH

CONCELLO DE
OLEIROS

Avaliación de méritos: O día 22 de maio de 2024 ás 09.30 h. O tribunal a porta pechada.

Fase de oposición:

Proba de coñecementos: O día 27 de maio de 2024 en único chamamento ás 9.30 h, no [Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo"](#) (rúa dos regos, 24, Liáns, Oleiros).

Proba de piscina: O día 28 de maio de 2024, no [Centro Deportivo de Dorneda](#) (rúa do Moucho, Dorneda).

Proba práctica: O día 29 de maio de 2024 en único chamamento ás 9.30 h, no [Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo"](#) (rúa dos regos, 24, Liáns, Oleiros).

De acordo coa documentación achegada polas persoas participantes, non será necesario realizar a proba de coñecemento da lingua galega.

De acordo co establecido nas bases, será necesario superar cada unha das probas para participar na seguinte. O resultado de cada proba publicárase na páxina web do Concello (www.oleiros.es) antes das 18.00 h do día anterior ao da realización da seguinte. Se por causas de forza maior apreciadas polo tribunal, houbese que modificar o lugar, a hora ou a data de celebración dalgún exercicio, publicárase do mesmo xeito.

Os chamamentos das diferentes probas realizaranse por orde alfabética e empezarán por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra "H", que deberán vir provistas do DNI en vigor ou a documentación acreditativa equivalente.

Ademais, na proba de coñecementos deberán acudir cun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra, e na proba de piscina deberán achegar (en papel) o informe médico esixido nas bases da convocatoria.

4.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal e notificarlla aos membros do tribunal. Deixar constancia de que os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo publicaranse unicamente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola concelleira delegada de Persoal en funcións, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

